



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 8 DE XANEIRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da antiga estrada C-641 (puntos quilométricos de referencia AC-861: 45 + 180 e 45 + 450) e doutro treito da antiga estrada C-642 (puntos quilométricos de referencia na AC-862: 17 + 090 e 17 + 250) a prol do Concello de San Sadurniño

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Decreto polo que se acorda a intervención administrativa da Confraría de Pescadores de Sada

ACORDOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de Autovía A-54 Lugo- Santiago, Tramo Vilamoure-Nadela e conexión con Lugo, no concello de Lugo, sobre os montes veciñais en man común Soñar e Lamablanca, Lagoa e Paramelo, promovido pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia



CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores de Pontedeume para a execución do proxecto de mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACION E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre o programa de bolsas para estudar linguas estranxeiras no verán



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O REGULAMENTO QUE DESENVOLVE A LEI DE SUBVENCÍONS DE GALICIA E GARANTE A MAIOR TRANSPARENCIA E EFICACIA NA XESTIÓN DAS AXUDAS PÚBLICAS

- *O novo regulamento desenvolve as bases e procedementos de concesión, xestión e xustificacións das subvencións, reforzando a transparencia e integridade na xestión do gasto público, e propiciando unha maior eficacia nas políticas públicas de axudas*
- *Desenvolve a figura dos plans estratéxicos de subvencións que conterán os obxectivos concretos e os efectos que se pretenden acadar, os prazos para a súa consecución e os indicadores que permitan o seguimento dos obxectivos para facilitar o seu control*
- *A Lei de Subvencións de Galicia garante unha maior transparencia sobre o destino dos recursos públicos e promove a xestión eficaz e eficiente dos mesmos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, polo que se establecen polo miúdo os requisitos básicos na tramitación das axudas concedidas pola Xunta de Galicia. O decreto aprobado dá cumprimento ao disposto na devandita Lei que sinalaba a obriga de elaborar e aprobar un regulamento que desenvolvese a súa aplicación e conteña unha normativa clara e sinxela da tramitación administrativa. De aplicación á Administración autonómica e ás súas entidades vinculadas ou dependentes, o regulamento recolle -en 5 títulos e 87 artigos- as bases e procedementos de concesión, xestión e xustificacións das subvencións que conceda a Administración galega.

A Lei de Subvencións ten como obxectivo primordial o de incrementar a transparencia e eficacia na xestión dos recursos públicos en Galicia. O establecemento dun marco xurídico único regulador das subvencións –que agora se completa co regulamento- supón a incorporación de medidas orientadas a cumprir coa transparencia no destino das achegas públicas e no impulso duns procesos administrativos eficaces e eficientes.

Neste sentido, salienta no novo regulamento o desenvolvemento dos plans estratéxicos previstos na Lei de Subvencións. Mediante esta figura, as consellerías da Xunta de Galicia e os organismos e entidades dependentes ou vinculados a ela están obrigados a elaborar planos estratéxicos que conteñan a totalidade das liñas de axudas previstas e manteñan coherencia coa planificación orzamentaria. Incluso a tramitación dunha axuda non prevista require xustificar a relación dos seus obxectivos coa planificación estratéxica. Trátase así de asegurar que o diñeiro público se enfoque á realización das estratexias de gasto previstas e non se derive a obxectivos secundarios non prioritarios da acción do Goberno. Segundo o regulamento, os planos deben conter obxectivos concretos e efectos que se



pretenden acadar, prazos para a súa consecución e indicadores que permitan o seguimento dos obxectivos para facilitar o seu control.

O regulamento desenvolve os supostos previstos na lei para a concesión de subvencións de forma directa. Esta regulación aporta unha maior transparencia a cada un destes supostos (subvencións nominativas, subvencións impostas por norma con rango de lei, e subvencións concedidas por motivos de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública). Tamén se distinguen as subvencións directas dos casos de transferencias realizadas para o financiamento das actividades que realicen as diversas entidades que configuran o sector público de Galicia.

Así mesmo, o regulamento prevé distintas modalidades de xustificación segundo a natureza de cada subvención. Trátase así de adecualas a un modelo de xestión que aporte solucións eficientes, sen perda de garantías. Entre as devanditas modalidades está a conta xustificativa simplificada para subvencións de importe inferior a 60.000 euros; a conta xustificativa con entrega do informe de auditor; e a acreditación por módulos. Pódese así utilizar a fórmula que mellor se adecúe a liña de subvención facilitando, ademais, a xustificación telemática de subvencións.

En materia de comprobación, o órgano concedente terá a obriga de comprobar o cumprimento polo beneficiario dos requisitos establecidos nas bases reguladoras e incorporará no expediente un certificado da verificación realizada.

En canto aos pagos, establécese un novo réxime de pagamentos a conta e anticipados co obxectivo de simplificar o procedemento e facilitar o financiamento das actuacións subvencionadas sempre que sexa preciso. Ademais, prevese un réxime de garantías co obxecto de garantir o cumprimento.

O regulamento aprobado, xunto coa Lei que desenvolve, teñen como obxectivo primordial reforzar a transparencia e integridade na xestión do gasto público, ao tempo que constitúe unha ferramenta para propiciar a eficacia nas políticas públicas de axudas.



O GOBERNO GALEGO TRANSFÍRELLE AO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO A TITULARIDADE DE DOUS TREITOS DE ESTRADA

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto para o cambio de titularidade de dous treitos sobrantes dos antigos trazados de dúas estradas autonómicas ao seu paso polo concello coruñés de San Sadurniño. Ambos os treitos suman preto de medio quilómetro que pasa a ser agora de titularidade municipal.

O primeiro treito é parte do antigo trazado da estrada Igrexafeita- Vilalba (AC-861), entre os puntos quilométricos 45,180 e 45,450, e que na actualidade conforma unha pequena área recreativa á marxe da vía autonómica.

O segundo treito correspóndese tamén cun trazado sobrante da antiga estrada Ferrol-San Cibrao (AC-862), entre os puntos 17,090 e 17,250, que na actualidade forma parte do entramado urbano de San Sadurniño.

A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características de urbanas ou que pertencen a treitos antigos de estradas nas que se fixeron variantes de trazado, como é o caso de San Sadurniño.

A transferencia conta co informe favorable da Dirección Xeral de Estradas e co acordo do Concello de San Sadurniño que, a partir da súa formalización asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación dos devanditos treitos.

A entrega formal realizarase mediante a sinatura da correspondente acta, nos dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe.



A XUNTA REGULA NUN NOVO DECRETO AS AUTORIZACIÓNS DOS CENTROS, SERVIZOS E ESTABLECEMENTOS SANITARIOS

- *Este documento simplifica e homoxeneiza os requisitos técnicos e sanitarios que deben reunir os centros, servizos e establecementos sanitarios a nivel de recursos humanos e materiais para poder prestar unha asistencia de calidade*
- *O decreto adecua a regulación da Comunidade Autónoma ás bases xerais establecidas a nivel estatal e reúne toda a normativa autonómica existente*
- *Créase por primeira vez un rexistro que será público e que terá información básica sobre o tipo de centro e a oferta asistencial que desenvolve*

A Consello da Xunta deu luz verde esta mañá ao novo decreto que regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, públicos ou privados localizados en Galicia. Con este decreto, Sanidade simplifica e homoxeneiza o procedemento común de autorización así como unha ordenación dos requisitos técnico-sanitarios que deben reunir tanto os centros como os establecementos e servizos sanitarios, en concreto, os recursos humanos, materiais, e de equipamento mínimo imprescindible para levar a cabo unha asistencia sanitaria de calidade.

Este decreto ten por finalidade tamén adecuar a regulación da Comunidade Autónoma á normativa estatal, ao tempo que refunda nun único texto a variada normativa autonómica existente nesta materia, o que redundará nunha simplificación dos procedementos de autorización.

Catro títulos

Este documento estruturase en catro títulos. No primeiro deles, de carácter xeral, defínense os conceptos básicos e concréntanse as obrigas xerais dos centros, servizos e establecementos sanitarios localizados en Galicia que están obrigados a contar coas autorizacións preceptivas (de instalación e funcionamento) e manter as condicións e requisitos que motivaron estas autorizacións. Así establécese que se debe garantir que a atención sanitaria sexa ofertada exclusivamente por persoas debidamente tituladas; exhibir ao público en lugar visible o documento que acredita a autorización administrativa; facilitar á autoridade sanitaria o control e inspección da súa organización, funcionamento e actividades; designar un director ou directora que asuma a responsabilidade do centro, servizo ou establecemento sanitario; e procurar a eliminación das discriminacións por xénero e a consecución da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

O título II regula as solicitudes de autorización de instalación, de funcionamento, de modificación e peche, así como a vixencia destas autorizacións. Neste apartado especificase que deberán obter autorización de instalación os seguintes centros ou servizos: hospitais, centros de saúde, centros de reprodución humana asistida,



centros de interrupción voluntaria do embarazo, centros de cirurxía maior ambulatoria, centros de diálise, e servizos sanitarios integrados nunha organización non sanitaria (balnearios).

Por outra banda, está a autorización de funcionamento que faculta os centros, servizos e establecementos sanitarios precisa para realizar a súa actividade, e que debe obterse con carácter previo ao comezo da actividade e con posterioridade ás modificacións substanciais realizadas. A vixencia desta autorización é de oito anos, agás para os centros hospitalarios e centros de saúde que será de dez anos.

Ademais, tamén se establecen os procedementos de autorización de modificación e traslado que están reguladas nos artigos 11 e 12 do título II deste decreto.

O terceiro título especifica o procedemento sancionador concretando sancións e tipificación de infraccións.

O último dos títulos regula o rexistro de centros, servizos e establecementos da Comunidade Autónoma. Este rexistro, de nova creación, será público e estará á disposición de todos os usuarios, que poderán comprobar que centros contan coa autorización pertinente da Administración. Así, cada centro, servizo ou establecemento sanitario recibirá un número de rexistro que conterá información explícita sobre o tipo de centro e a oferta asistencial que desenvolve. Este número deberá figurar en todas as comunicacións externas, así como na publicidade efectuada polo centro.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ACORDA A INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA DA CONFRARÍA DE SADA

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se acorda a intervención administrativa da Confraría de Pescadores de Sada. Esta medida adóptase tras a solicitude feita pola propia entidade, co acordo unánime da xunta xeral do pósito, e co obxectivo de atopar unha viabilidade futura e evitar o cesamento da súa actividade económica.

Actualmente, e segundo se desprende das contas anuais de 2007, a Confraría de Sada atópase nunha situación económico- financeira de insolvencia patrimonial, como consecuencia da acumulación de perdas en exercicios anteriores e a imposibilidade de xerar recursos suficientes. Así mesmo, o seu fondo de manobra é negativo, polo que carece de liquidez para afrontar o vencemento de todas as débedas a curto prazo.

Posto que esta situación supón un alto risco para a continuidade e normal funcionamento da entidade, de conformidade coa normativa de confrarías de pescadores e co fin de garantir un futuro aos profesionais do mar desta localidade, o Consello da Xunta decidiu hoxe autorizar a intervención administrativa do pósito sadense. Isto implica o nomeamento, por parte da Consellería de Pesca, dun interventor que terá como funcións principais autorizar calquera tipo de xestión económica, pagamentos ou cobramentos que efectúe a confraría; inspeccionar os libros contables e toda a documentación que incida na actividade económica, e informar a Consellería de todas aquelas cuestións importantes que acontezan respecto a esta entidade e aos seus negocios para que se adopten as resolucións que sexan necesarias en defensa e protección dos intereses dos seus socios.

A intervención do pósito prolongarase por seis meses aínda que, no caso de que a súa situación económica non estivera restablecida neste prazo, podería prorrogarse por un período de igual duración. Ademais, durante este tempo, a Confraría de Pescadores de Sada non poderá realizar ningún acto de contido económico e patrimonial sen o previo coñecemento e autorización do interventor responsable.

O proxecto de decreto aprobado hoxe entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Reunión da Conselleira co patrón maior

A semana pasada a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, Carmen Gallego Calvar, mantivo un encontro co patrón maior da Confraría de Sada, Andrés García, para explicarlle a necesidade de someter o pósito a unha intervención administrativa co fin de analizar polo miúdo a súa situación económica e ver as saídas ou solucións a ela. Nese momento, o patrón comprometeuse coa titular de Pesca a manter un



encontro cos socios para formularlles o asunto e que decidisen se apoiaban ou non esta medida.

Así, o martes pasado, día 30 de decembro, en reunión da xunta xeral da entidade sadense, acordouse por unanimidade solicitar á Consellería de Pesca a intervención administrativa da confraría para buscar posibles solucións á crise financeira que padece actualmente.



A XUNTA DECLARA A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DA AUTOVÍA A-52 EN LUGO, SOBRE A DOS MONTES VECIÑAIS DE SOÑAR E COESES

- *O acordo adoptado hoxe polo Consello da Xunta afecta o proxecto de autovía Santiago-Lugo no tramo Vilamoure-Nadela e na conexión con Lugo*

O Consello da Xunta acordou hoxe declarar a prevalencia de utilidade pública do proxecto da autovía A-54 entre Santiago e Lugo, no tramo Vilamoure-Nadela e conexión con Lugo, no concello de Lugo, cunha afección de 0,26 hectáreas pertencentes aos montes veciñais en man común de Soñar e de 9,22 hectáreas de Lamablanca, Lagoa e Paramelo, das comunidades de Soñar e Coeses, respectivamente.

A Dirección Xeral Montes e Industrias Forestais ratificou os informes favorables sobre a prevalencia da utilidade do proxecto sobre a destes montes veciñais, emitidos pola delegación provincial do Medio Rural en Lugo tras resolver as alegacións presentadas durante os períodos de exposición pública por parte da comunidade de Coeses.

A Lei de expropiación forzosa establece que a aprobación dos proxectos de estradas implicará a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.

A Lei de estradas estatal dispón que a aprobación dos proxectos de estradas estatais implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e adquisicións de dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.



A XUNTA E A CONFRARÍA DE PONTEDEUME ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A MELLORA DOS SEUS BANCOS MARISQUEIROS

- *Esta actuación forma parte das medidas impulsadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para evitar as consecuencias da inactividade nas áreas de produción catalogadas como zona "C", o que impide a venda en fresco dos moluscos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores de Pontedeume para a realización dun plan de actuación para a mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros que son explotados polos profesionais desta entidade. Para a execución desta iniciativa, a Administración pesqueira galega achegará un importe total de 190.430,24 euros, susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca (FEP).

Esta actuación forma parte das medidas impulsadas pola Consellería de Pesca para evitar ou paliar as consecuencias da inactividade dos bancos marisqueiros, que afectan os profesionais do mar en varias rías galegas, debido á catalogación das súas áreas de produción como zona "C". De feito, esta clasificación impídelles comercializar en fresco os moluscos extraídos e a venda para a transformación apenas lles resulta rendible.

No caso de Pontedeume, porase en marcha este proxecto que persegue paliar os efectos negativos da falta de actividade nos bancos de Zopazos e O Fabal (explotados polos mariscadores a pé), A Tasca e A Barra (explotados polos mariscadores desde embarcación) e Os Moteis (onde traballan ambos os dous colectivos), catalogados como zona "C", que pode comprometer a súa produtividade futura por compactación do substrato, acumulación de lodos, etc. Así mesmo, busca mellorar as condicións para a produción de moluscos de interese comercial nestas áreas de produción a través de limpeza de mexillón de fondo, de algas de arribazón e doutros materiais de orixe antrópica e forestal que poden influír na supervivencia e viabilidade destas especies.

En concreto, as accións que van desenvolver os profesionais do mar eumeses no marco deste convenio consisten basicamente en traballos de limpeza das zonas de produción de materiais prexudiciais para os bancos, na remoción de substratos en zonas non explotadas e no acondicionamento do substrato da zona recentemente rexenerada denominada Croa Grande. Estas tarefas realizaranse coa participación activa dos titulares de permiso de explotación para marisqueo a pé e tripulantes de embarcacións con permiso de explotación para marisqueo, asociados á Confraría de Pescadores de Pontedeume, de xeito voluntario. Pola súa parte, o pósito deberá



coordinar e controlar a distribución e realización dos traballos baixo a supervisión dos técnicos designados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Este convenio, que estará vixente ata o 30 de xuño de 2009 e que poderá ser prorrogado se as partes asinantes o consideraran oportuno, establece a creación dunha comisión de seguimento con representantes designados polo órgano reitor da Confraría eumesa e da Consellería de Pesca. Esta comisión será a encargada de resolver as dúbidas que xurdan na interpretación do protocolo e de solucionar posibles discrepancias.



O GOBERNO GALEGO CONVOCA 2.650 AXUDAS PARA QUE ALUMNOS DE 6º DE PRIMARIA, ESO E BACHARELATO ESTUDEN IDIOMAS ESTE VERÁN

- *Serán 2.350 alumnos de 2º, 3º e 4º de ESO e de 1º e 2º de bacharelato os que poderán realizar actividades de aprendizaxe de idiomas no estranxeiro*
- *Ademais, 300 estudantes de 6º de primaria e 1º de ESO mellorarán as súas competencias en linguas estranxeiras en Galicia e noutras comunidades*
- *A Administración educativa galega inviste máis de 4,4 millóns de euros nesta iniciativa, da que se veñen beneficiando desde o ano 2006 un total de 6.944 alumnos galegos*

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou esta mañá os membros do Consello da Xunta sobre a orde que saíu publicada hoxe no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) pola que se convocan axudas dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para estudar idiomas durante o verán tanto no estranxeiro como en territorio nacional. Son un total de 2.650 bolsas, das cales 2.350 serán para que outros tantos alumnos de 2º, 3º e 4º de ESO e 1º e 2º de bacharelato poidan realizar actividades de aprendizaxe de idiomas no estranxeiro. As restantes 300 prazas están destinadas a estudantes de 6º de primaria e de 1º de ESO para que melloren as súas competencias en linguas estranxeiras mediante estadías en campamentos ou residencias na Comunidade galega e en distintos puntos de España. A Administración educativa inviste na convocatoria deste ano un total de 4.410.147 euros.

Este é o cuarto ano que a Consellería de Educación convoca estas axudas, logo do éxito acadado por este programa en todas as convocatorias. O obxectivo prioritario destas bolsas é o fomento da motivación do alumnado cara ás linguas estranxeiras así como a mellora da súa competencia en comunicación lingüística e a comunicación intercultural.

En concreto, Educación convoca 300 prazas de inglés para alumnos de 6º de primaria (100 prazas) e 1º de ESO (200 prazas). As estadías terán lugar no primeiro caso, na Comunidade galega e, no segundo, en distintos puntos da xeografía española. A duración das estadías será de dúas semanas nos dous casos. Ademais, haberá 1.850 prazas para alumnado dos demais cursos de ESO (2º, 3º e 4º de ESO), das cales 1.550 serán de fala inglesa e 300 de fala francesa. As estadías realizaranse en Reino Unido, Irlanda e Francia cunha duración de tres semanas. Por último, 500 alumnos e alumnas de bacharelato viaxarán a Canadá durante tres semanas, onde hai 400 prazas para estudar inglés e 100 para mellorar as competencias lingüísticas en francés.



A Consellería de Educación financiará os gastos da viaxe desde o aeroporto ou punto de saída dos distintos grupos; os monitores ou monitoras que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade, desde o momento da saída ao de regreso; os gastos de docencia, cun programa semanal de clases de entre 15-20 horas, incluíndo libros e material escolar; as actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos; os gastos de mantenza e aloxamento; o certificado de realización da actividade de inmersión; e o seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Poderá ser destinatario destas axudas o alumnado que curse 6º de primaria, ESO ou bacharelato en calquera dos centros galegos sostidos con fondos públicos. Ademais, son outros requisitos ter, no curso 2007/08, unha avaliación positiva na área de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía e non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade; así como non ter sido beneficiario dunha axuda para actividades de inmersión lingüística no verán de 2008. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir de mañá venres, 9 de xaneiro de 2009.

Como novidade na convocatoria deste ano, no prego de contratación fomentárase que as empresas empreguen como monitores a alumnado dos últimos cursos de maxisterio- filoloxía, filoloxía inglesa e tradución e interpretación. Deste xeito, foméntase o acceso ao mundo laboral do alumnado universitario galego ao tempo que estes estudantes melloran as súas competencias lingüísticas (os monitores tamén participarán en cursos de aprendizaxe de linguas).

Máis de 12,5 millóns de euros investidos nestas axudas desde 2006

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou por primeira vez en 2006 estas axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras durante o verán. Así, nos catro anos de funcionamento deste programa enmarcado no Plan de Linguas da Consellería de Educación, un total de 6.944 alumnos galegos terán mellorado as súas competencias en linguas estranxeiras mediante a participación nestas actividades, tanto no estranxeiro como en territorio nacional. En catro anos, o Goberno galego terá investido 12.545.147 euros nestas bolsas.



(Xúntase cadro coa distribución das prazas por cursos)

Curso	Nº prazas	Distribución	Lugares e duración	Réxime aloxamento
2º bach	250	200 inglés 50 francés	Canadá -tres semanas-	Familias
1º bach	250	200 inglés 50 francés	Canadá -tres semanas-	Familias
4º ESO	750	650 inglés 100 francés	Reino Unido Irlanda Francia -tres semanas-	Familias ou residencias
3º ESO	700	600 inglés 100 francés	Reino Unido Irlanda Francia -tres semanas-	Familias ou residencias
2º ESO	400	300 inglés 100 francés	Reino Unido Irlanda Francia -tres semanas-	Familias ou residencias
1º ESO	200	200 inglés	Distintos puntos de España -dúas semanas-	Campamentos ou residencias
6º E.P.	100	100 inglés	Comunidade Autónoma -dúas semanas-	Campamentos ou residencias